



AXUDAS PARA A IMPLANTACIÓN DE PLANS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS

Obxeto: fomentar a implantación de plans de igualdade, para a eliminación da infrarrepresentación feminina e para a garantía e mellora do dereito á conciliación da vida familiar e laboral en pequenas e medianas empresas (peme).

Accións subvencionables:

- I. Axudas para a implantación de plans de igualdade.
- II. Axudas para actuacións tendentes á eliminación da infrarrepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.
- III. Axudas para os investimentos realizados polas empresas co fin de habilitar servizos de comedor, gardaría, lugares axeitados para o repouso das traballadoras embarazadas, salas de lactación e instalacións análogas para garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.

Beneficiari@s e requisitos:

Pequenas e medianas empresas que teñan domicilio social en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia sempre que, pola súa vez, teñan contratado un mínimo dun 10% do seu persoal en Galicia, e cando menos unha persoa, que cumpran os requintes requisitos:

- Para a liña I:
 - Empresas que implanten dun xeito voluntario un plan de igualdade nos termos esixidos, nos artigos 9 e 10 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os plans legalmente obrigatorios.
 - Empresas que implanten, en cumprimento de obriga establecida nun convenio colectivo de ámbito superior á empresa, un plan de igualdade nos termos esixidos nos artigos 9 e 10 da Lei 2/2007.
- Para a liña II:
 - Que contén cun máximo do 20% de mulleres no seu cadro de persoal.
 - Que se trate dun sector de actividade en que sexa habitual a infrarrepresentación laboral feminina.
 - Que a empresa se comprometa a incrementar a porcentaxe de representación feminina, ben por incluíla no seu plan de igualdade ou ben por propia iniciativa.
- Para a liña III: Que poñan en marcha medidas de conciliación de xeito individual ou mancomunado.

Prazo: ata o 30 de xullo de 2010

Máis información:

- _ DOGA nº 123 do 30/03/2010
- _ CIM de Soutomaior

En Arcade a 30 de xuño de 2010
A Traballadora Social do CIM